

DOCUMENTACIÓN QUE TEÑEN QUE ACHEGAR AS PERSOAS SELECCIONADAS

As persoas que superaron o proceso selectivo dispoñen de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva para presentar a seguinte documentación:

- **Certificado ou informe médico de non estar incapacitado para as labores de marisqueo ou de que está apto para traballar.**
- **Unha fotografía tamaño carné actual.**
- **Certificado de estar empadroado nun municipio do litoral.**
- **Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, incapacidade ou RISGA.**

Entenderase que as persoas que non presenten a documentación no prazo fixado ou que carecen dalgún requisito sinalado na base 1.2 da resolución pola que se convocou o proceso selectivo desisten da súa solicitude.

As persoas que presentaron a documentación en prazo teñen que cumprir ademais:

- **Estar en posesión do certificado de mariscador.**
- **Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.**

No momento de proceder á cobertura de prazas vacantes mediante a **LISTA DE RESERVA**, publicarase unha nova resolución. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para presentar a documentación que se indicou anteriormente.

Calquera dúbida que teñades podedes chamar ao servizo de permex a pé da xefatura comarcal da Consellería do Mar de Ribeira nos teléfonos: 881997158 ou 881997163.